

# CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA 2018

## 1.- PERSOAS DESTINATARIAS

Persoal das entidades locais da provincia (agás a Deputación da Coruña), que sexa responsable de contratación e secretario/a da mesa de contratación.

## 2.- SOLICITUDES

As solicitudes deberán encherse e presentarse na plataforma Subtel. Para acceder a esta plataforma é requisito imprescindible ter unha conta de correo corporativa activa no Directorio público local. De non tela, solicíteala na súa entidade a través dos representantes de Administración electrónica ou ben dos interlocutores de formación.

Unha vez de alta no Directorio, ten que ver a oferta de cursos na páxina web de formación. Nesta páxina atopará tamén toda a información relativa ao procedemento para solicitar a inscrición no curso ou cursos que sexan do seu interese.

Non se admitirán solicitudes presentadas en papel. Se non está de alta no Directorio público local, solicíteo o máis axiña posible, xa que a alta pode demorarse un pouco.

Cada usuario/a unicamente poderá presentar por Subtel a súa solicitude persoal. Este ano a plataforma xa non permite a presentación de solicitudes doutros traballadores/as, polo tanto, as persoas que non estean dadas de alta no Directorio Público Local non poderán participar no Plan de formación agrupado 2018.

### **O prazo para presentar as solicitudes, remata o 21 de xuño de 2018.**

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso e á imposibilidade de participar en calquera outro desta anualidade. Para calquera información relativa ao Plan de formación 2018, poden contactar coa Sección de Formación da Deputación da Coruña por correo electrónico ([formacion@dacoruna.gal](mailto:formacion@dacoruna.gal)) ou por teléfono (981 080 385).

Antes do inicio dos cursos publicarase o nome das persoas inicialmente admitidas na páxina web da Sección de Formación, [www.dacoruna.gal/formacion](http://www.dacoruna.gal/formacion)

As persoas admitidas recibirán un correo electrónico comunicándolles a súa admisión, que deberán confirmar.

As persoas que non sexan funcionarios/as de carreira ou laborais fixos/as, deberán acreditar que que estaban de alta na entidade local correspondente. Para iso subirán a Subtel, no apartado "Documentación adicional", copia da cabeceira da nómina do mes correspondente, ou calquera outro documento que acredite a súa condición de traballador/a da entidade local. Non se entregará certificado de asistencia a quen non presente a correspondente xustificación.

## 3.- SELECCIÓN

Admitiránse a dúas persoas por entidade local (agás a Deputación da Coruña) que sexan o/a responsable de contratación e o/a secretario/a da mesa de contratación.

## 4.- RÉXIME DE ASISTENCIA E CERTIFICADOS

A.- A expedición de certificados de asistencia supeditase á acreditación dunha presenza mínima do 100% das horas presenciais programadas, aínda que as faltas estean xustificadas.

B.- Advírtese que as portas da aula pecharánse 5 minutos despois de iniciado o curso e non se admitirá a entrada para non interromper a impartición do mesmo.

C.- As persoas admitidas e que por calquera circunstancia sobrevida non poidan asistir, deben renunciar mediante un escrito dirixido á Sección de Formación. A Deputación valorará a admisión en futuros cursos, tanto deste ano como dos vindeiros, das persoas que non cumpran este requisito.

D.- Non se entregarán certificados ou diplomas de asistencia en formato papel senón que se terán que descargar da plataforma Subtel.

A Coruña, xuño de 2018